Documento 1 de 5.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE MIÑONES CONDE JOSE MANUEL - NIF 44808588B, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.385.205, Fecha de emisión de la firma: 16/10/15 10:24
Código de integridad (alg. SHA-256): 780962B145911d76d58d5041436ca71bc837b8c1319fbe3da40a3460430b03c7
Página 1 de un total de 5 página(s), Versión imprimible con información de firma.
Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE PRADA QUEIPO ROSA ANA - NIF 10869361K, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.193.847, Fecha de emisión de la firma: 15/10/15 9:16
Código de integridad (alg. SHA-256): 80b2d404669 9dd8efe5de3d22d9424da5422d08016d69b7c33ba3442613 6dfb74
Página 1 de un total de 5 página(s), Versión imprimible con información de firma.
FIRMADO
C.I.F.: P – 1500200 – I

Concello de AMES

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 8 DE OUTUBRO DE 2015.-

ÍNDICE DE PUNTOS

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-.....3

PUNTO SEGUNDO.- RENUNCIA LICENZA DE OBRA.-.....3

PUNTO TERCEIRO.- CORRECCIÓN ERRO LICENZA PRIMEIRA OCUPACIÓN.-.....3

PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DAS OBRAS DE MELLORA DE CAMIÑO DE FOXOS NO LUGAR DE VENTOSA. POS 2015.-.....4

PUNTO QUINTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DAS OBRAS ADECUACIÓN DE PRAZA SITUADA ENTRE AS RÚAS AGRO DA MADALENA E AVENIDA ROSALÍA DE CASTRO NO LUGAR MILLADOIRO. POS 2015.-.....5

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org
www.concellodeames.org
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

Documento 1 de 5.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE MIÑONES CONDE JOSE MANUEL - NIF 44808588B, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.385.205, Fecha de emisión de la firma: 16/10/15 10:24
Código de integridad (alg. SHA-256): 7809628b1459f1d76d58d5041436ca71bc837b8c1319fbe3da40a346043b03c7
Página 2 de un total de 5 página(s), Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE PRADA QUEIPO ROSA ANA - NIF 10869361K, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.193.847, Fecha de emisión de la firma: 15/10/15 9:16
Código de integridad (alg. SHA-256): 80b2d4046699dd8efe5de3d22d9424da542d08016d69b7c33ba34426136dfb74
Página 2 de un total de 5 página(s), Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 5.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE MIÑONES CONDE JOSE MANUEL - NIF 44808588B, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.385.205, Fecha de emisión de la firma: 16/10/15 10:24
Código de integridad (alg. SHA-256): 7809628b145911d76d58d5041436ca71bc837b8c1319fbe3da40a346043b03c7
Página 3 de un total de 5 página(s). Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE PRADA QUEIPO ROSA ANA - NIF 10869361K, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.193.847, Fecha de emisión de la firma: 15/10/15 9:16
Código de integridad (alg. SHA-256): 80b2d404669 9dd8ef e5de3d22d9424da5a42d0816d69b7c33ba3442613 6dfb74
Página 3 de un total de 5 página(s). Versión imprimible con información de firma.

Concello de AMES

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 8 DE OUTUBRO DE 2015.-

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as nove horas (9:00 h) do día oito (8) de outubro de dous mil quince (2015), reúnese a Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde José Manuel Miñones Conde, e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde Genma Otero Uhía, David Santomil Mosquera, José Blas García Piñeiro, Silvia Dapena Liñares, Mª Isabel Vaquero Quintela e Luisa Feijóo Montero.

Asiste o **interventor** José Antonio Rueda Valenzuela.

Actúa de **secretaria** a titular da Corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

PUNTO PRIMEIRO.- ACTAS ANTERIORES.-

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da sesión anterior, correspondente á **sesión ordinaria do 1 de outubro de 2015,** e que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2568/1986 de 28 de novembro. (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta por unanimidade.

PUNTO SEGUNDO.- RENUNCIA LICENZA DE OBRA.-

1.- Expediente 469/2007.

A Xunta de Goberno Local de 11 de xullo de 2008, concedeu licenza de obras a **Casas de Compostela S.L.**, para a construción dunha nave sen uso específico, nas parcelas 14, 15, 16 e 17 da mazá 11 do Polígono Industrial do Milladoiro (Ames).

O 29 de outubro de 2014, Adolfo Cierto Gestal co NIF 33.199.926-R en nome de Casas de Compostela S.L. co CIF núm. B-15.755.135, solicita a renuncia a licenza de obras autorizada en Xunta de Goberno Local de 11 de xullo de 2008 e a correspondente devolución do ICIO ingresado, como consecuencia da non realización da obra autorizada.

O 19 de xaneiro de 2015, o arquitecto técnico municipal emite informe favorable, unha vez comprobado que non se ten iniciada a construción da nave. A asesora xurídica de urbanismo emite informe favorable o 29 de setembro de 2015.

Á vista dos informes favorables, técnico e xurídico, obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 926/2015), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Aceptar a renuncia presentada por **Casas de Compostela S.L.**, con CIF B-15.755.135, á licenza de obras autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 11 de xullo de 2008 (expediente 469/2007), para a construción dunha nave sen uso específico nas parcelas 14, 15, 16 e 17 da mazá 11 do Polígono Industrial do Milladoiro (Ames).

Segundo.- Anular a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), practicada e cuxo importe ascende á cantidade de vinte e tres mil seis euros con catorce céntimos (23.006,14 €).

Terceiro.- Recoñecer un dereito á devolución de ingresos a favor do interesado polo importe e concepto referidos no punto anterior.

Cuarto.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO TERCEIRO.- CORRECCIÓN DE ERRO EN LICENZA PRIMEIRA OCUPACIÓN.-

A Xunta de Goberno Local de 17 de setembro de 2015, concede a **Promociones Mallón**

Documento 1 de 5.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE MIÑONES CONDE JOSE MANUEL - NIF 44808588B, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.385.205, Fecha de emisión de la firma: 16/10/15 10:24
Código de integridad (alg. SHA-256): 7809628b145911d76d58d5041436ca71bc837b8c1319fbe3da40a3460430b03c7
Página 4 de un total de 5 página(s), Versión imprimible con información de firma.

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE PRADA QUEIPO ROSA ANA - NIF 10869361K, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.193.847, Fecha de emisión de la firma: 15/10/15 9:16
Código de integridad (alg. SHA-256): 80b2d404669ddf8efe5de3d22d9424da542d08016d69b7c33ba3442fc136dfb74
Página 4 de un total de 5 página(s), Versión imprimible con información de firma.

Vilas I, SL, co CIF B-15.451.909, licenza de primeira ocupación do portal 2 do edificio de vivendas sito en avenida da Peregrina 16, Bertamiráns (Ames), con referencia catastral 8558906NH2485N0001NG.

O 28 de setembro de 2015, Juan José Mallón Sande, na representación da entidade Promociones Mallón Vilas SL, presenta escrito no concello onde manifesta que no acordo da Xunta de Goberno Local de 17 de setembro de 2015 existe un erro, máis en concreto nunha letra da referencia catastral, sendo a referencia catastral correcta 8558906NH2485N0001WG.

O 29 de setembro de 2015, a arquitecta municipal e o arquitecto técnico municipal emiten informe no que conclúen que existe o erro sinalado polo solicitante, polo que procede a súa corrección. A asesora xurídica de urbanismo emite informe nos mesmo términos o 30 de setembro de 2015.

Á vista dos informes favorables técnico e xurídico obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 926/2015), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Rectificar a licenza de primeira ocupación concedida a Promociones Mallón Vilas SL, co CIF B-15.451.909, mediante acordo da Xunta de Goberno Local do 17 de setembro de 2015, para o portal 2 do edificio sito na Avenida da Peregrina 16, Bertamiráns (Ames), exclusivamente no que atinxe á referencia catastral. Así, onde di 8558906NH2485N0001NG debe dicir 8558906NH2485N0001WG.

Segundo.- Notificar o acordo correspondente ós interesados, facéndolles saber que por ser un acto de mero trámite non cabe interpoñer recurso ningún, sen prexuízo de que os interesados podan interpoñer os recursos que estimen convenientes.

Terceiro.- Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO CUARTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DAS OBRAS DE MELLORA DE CAMIÑO DE FOXOS NO LUGAR DE VENTOSA. POS 2015.-

O alcalde informa que a Xunta de Goberno Local en sesión do día 27 de agosto de 2015, realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación do procedemento negociado sen publicidade que se segue para a contratación das obras de **Mellora de camiño de Foxos no lugar de Ventosa. Ames, obra correspondente ao POS 2015.**

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a obra.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 926/2015), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra de Mellora de camiño de Foxos no lugar de Ventosa. Ames, á empresa Construcciones Ponciano Nieto SL**,** con CIF B-15293145 e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do licitador ascende á contía de trinta e dous mil novecentos cincuenta e un euros e trinta e catro céntimos (32.951,34.- euros) sen IVE.

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible, ao tipo do 21% ascende a contía de seis mil novecentos dezanove euros e setenta e oito céntimos (6.919,78.- euros)

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 2 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

Documento 1 de 5.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE MIÑONES CONDE JOSE MANUEL - NIF 44808588B, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.385.205, Fecha de emisión de la firma: 16/10/15 10:24
Código de integridad (alg. SHA-256): 780962B145911d76d58d5041436ca71bc837b8c1319fbe3da40a346043b03c7
Página 5 de un total de 5 página(s). Versión imprimible con información de firma.
FIRMADO

Documento 1 de 1.Firmado por: ENTIDAD AYUNTAMIENTO DE AMES - CIF P1500200I - NOMBRE PRADA QUEIPO ROSA ANA - NIF 10869361K, Emisor del certificado: FNMT Clase 2 CA, Número de serie del certificado firmante: 1.026.193.847, Fecha de emisión de la firma: 15/10/15 9:16
Código de integridad (alg. SHA-256): 80b2d406699dd8efe5de3d22d9424da542d08016d69b7c33ba3442613 6dfb74
Página 5 de un total de 5 página(s). Versión imprimible con información de firma.
FIRMADO

Concello de AMES

PUNTO QUINTO.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE DAS OBRAS ADECUACIÓN DE PRAZA SITUADA ENTRE AS RÚAS AGRO DA MADALENA E AVENIDA ROSALÍA DE CASTRO NO LUGAR MILLADOIRO. POS 2015.-

O alcalde informa que a Xunta de Goberno Local en sesión do día 27 de agosto de 2015, realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación do procedemento negociado sen publicidade para a contratación das obras de Adecuación de praza situada entre as rúas Agro da Madalena e avenida Rosalía de Castro no lugar Milladoiro, obra correspondente ao POS 2015, resultando a empresa **2000 Joscón Construcciones SL**, a que obtivo maior puntuación.

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Unha vez presentada polo clasificado en primeiro lugar a documentación establecida no artigo 151 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público, resulta procedente adxudicar a obra.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 926/2015), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización da obra de Adecuación de praza situada entre as rúas Agro da Madalena e Avenida Rosalía de Castro no lugar de Milladoiro, á empresa 2000 JOSCON Construcciones SL, con CIF B-15643299, e nas seguintes condicións:

A.- Prezo: O importe da oferta do licitador ascende á contía de trinta e sete mil novecentos oitenta e dous euros (37.982,00.- euros).

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende a contía de sete mil novecentos setenta e seis euros e vinte e dous céntimos (7.976,22.- euros)

C. Prazo de execución: O prazo de execución do contrato será de 3 meses, contados a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comezo.

D.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Facultar ao señor alcalde para cantas actuacións sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás nove horas e trinta minutos, estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.